

REGULAMENTO INTERNO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- 1.- OBXECTO E ÁMBITO DE REGULACIÓN
- 2.- INSCRICIÓN E CRITERIOS DE ADMISIÓN
- 3.- NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO
 - 3.1.-DEREITOS E DEBERES DAS FAMILIAS
 - 3.2.-DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO
 - 3.3.-DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS MONITORAS E DAS EMPRESAS INTERMEDIARIAS
- 4.- RÉXIME ECONÓMICO
- 5.- RISCO E VENTURA
- 6.- AUTORIZACIÓNS

1.-OBXECTO E ÁMBITO DE REGULACIÓN

O obxecto deste regulamento é a regulación das Actividades Extra escolares (AAEE)), entendendo por estas, aquelas actividades de carácter lúdico-formativo que pretenden cubrir un espazo de lecer necesario no proceso de aprendizaxe do alumnado. Desenrólanse fóra do horario lectivo do colexio e están destinadas, exclusivamente, ó alumnado do centro e á escola unitaria adscrita.

A Xunta Directiva da ANPA poderá variar anualmente algunha das normas deste Regulamento se así o considera necesario, para o mellor funcionamento das AAEE e a súa xestión.

As AAEE son planificadas e organizadas pola ANPA e se levarán a cabo a través dunha ou varias empresas especializadas. Estas actividades extra escolares son subvencionadas polo Concello de Cambre e excepcionalmente por outros organismo estatales.

A empresa intermediaria contratará a unha persoa como “Coordinadora das AAEE do colexio” e as monitoras/es encargados de facilitar as actividades seleccionadas pola ANPA para cada ano escolar.

As Actividades Extra escolares terán lugar, como norma xeral, entre o primeiro e o último día lectivo de cada curso escolar. Excepcionalmente poderán planificarse Actividades Extra escolares fóra destas datas.

A oferta das Actividades Extra escolares para o curso seguinte proporase ás familias entre os meses de Maio e Xuño, de forma que no mes de Xuño podan recollerse as inscricións e organizarse os grupos. Reservarase un número determinado de prazas (o 30%) nas actividades propostas para os cursos de Educación Infantil, para as



posibles inscricións do alumnado de 4º de Educación Infantil, de nova admisión. Así mesmo, no mes de Xuño haberá unha xornada de portas abertas, á cal poderá acudir o alumnado de nova admisión no centro, acompañado en todo momento por un adulto.

Definirase para cada Actividade Extra escolar o número máximo e mínimo de participantes para levala a cabo, a idade a que vai dirixida e o custo aproximado. Salvo acordo da Xunta Directiva non se abrirá grupo para aquelas AAEE nas que o número de participantes sexa inferior ó mínimo estipulado.

Antes de finalizar un curso escolar (en Xuño), darase a coñecer a listaxe provisional de AAEE do curso seguinte. Podendo pospoñerse a creación dun grupo para calquera Actividade Extra escolar ó mes de Setembro previo acordo da Xunta Directiva. Para isto realizarase a oferta nos primeiros días do novo curso escolar, de cara a ter a finais de dito mes, os grupos definitivos.

A listaxe definitiva das AAEE será presentada á Dirección do Centro e ó Consello Escolar para a súa aprobación. Unha vez aprobada, redactarase o proxecto anual que hai que presentar ao Concello, para a firma do Convenio. Trimestralmente haberá que presentar ante o Concello, unha memoria sobre o desenvolvemento das AAEE.

2.- INSCRICIÓN E CRITERIOS DE ADMISIÓN

As familias cubrirán todos os datos do impreso de inscrición para cada Actividade Extra escolar. O feito de non facelo así, ou a omisión dalgún dos datos solicitados, poderá ter o mesmo efecto que a non inscrición.

No impreso de inscrición indícarase un compromiso para os participantes nas Actividades Extra escolares, que deben asinar ó facer a inscrición e que consistirá no seguinte texto:

*“O pai/nai ou titor legal do alumno/a.....
comprométese a respectar o Regulamento de Actividades Extra escolares, e
atender puntualmente o pago do prezo que se estableza.”*

Antes de asinar este compromiso as familias deben coñecer cales son as normas de dito Regulamento, polo que se lles entregará un resumo no impreso de inscrición. O Regulamento completo, aprobado pola Xunta Directiva e posteriormente en Asemblea, estará publicado na páxina web.

ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López
Rúa Lamelas, 21
15659 Brexo-Lema
Tlf. 881 880 365
anpabrexolema2013@gmail.com



No caso de que o número de solicitudes sexa superior ó número de prazas ofertadas para cada Actividade Extra escolar, e unha vez cubertas, realizarase un sorteo público. En todo caso, en calquera situación que xurda, terán preferencia as familias socias da ANPA. As solicitudes sen praza quedarán, por orde, en lista de espera.

As listaxes de participantes admitidos en cada Actividade Extra escolar serán publicadas no taboleiro do colexio nas datas que proceda: como norma xeral, en Xuño unha listaxe provisional e en Setembro as listaxes definitivas. En ámbolos dous casos, abrirase un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións, polo que nas listaxes figurará a data de publicación no taboleiro.

Nas Actividades Extra escolares con prazas vacantes admitiranse inscricións ó longo de todo o curso, hasta quedar cubertas.

Excepcionalmente, poderase cambiar de Actividade Extra escolar sempre que isto non afecte ao desenvolvemento de dita Actividade, isto é, que non afecte ó mínimo de participantes requiridos e, no caso de ser unha Actividade con dereito a transporte, este tampouco se vexa afectado.

O trámite de baixa nunha Actividade Extra escolar realizarase por escrito e entregarase no local da ANPA dentro dos prazos estipulados, tendo en conta que no primeiro trimestre non se admiten baixas. Igualmente, as persoas en lista de espera que decidan non iniciar a Actividade Extra escolar no caso de haber algunha vacante, deberán renunciar á praza por escrito.

A baixa non da dereito á devolución dos importes pagados xa que a inscrición nunha Actividade Extra escolar comporta un compromiso por parte das familias de manter ó participante na mesma, do contrario, sería imposible a correcta organización das Actividades Extra escolares.

Excepcionalmente, no primeiro trimestre, devolverase o importe correspondente ós meses completos non beneficiados nunha Actividade Extra escolar por causa de forza maior (segundo o regulado no Réxime Económico) ou sempre que se compense coa a alta doutro participante en dita Actividade Extra escolar.

3.- NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

3.1.- DEREITOS E DEBERES DAS FAMILIAS

Solicitar información sobre a creación do grupo das Actividades Extra escolares nas que se inscribiron as súas fillas/os.



- Presentar alegacións, en canto ao proceso de inscricións, dentro dos prazos establecidos, cando o consideren axeitado.
- Recibir a correspondente información da participación na Actividade Extra escolar. O cal poderá facerse ao longo do ano académico, falando directamente co monitor/a da actividade, e de xeito especial nas xornadas de portas abertas que terán lugar na derradeira clase de cada trimestre, (nas actividades acordadas).
- Recibir información no caso de falta de asistencia non xustificada, cando o comportamento sexa contrario ás normas de convivencia, ou no caso de calquera outro tipo de incidencia.
- Coñecer o presente Regulamento antes de facer a inscrición en calquera das Actividades Extra escolares.
- Para o alumnado non usuario de comedor, as familias teñen a obriga de traer e levar ó alumnado participante nas AAEE, ó lugar onde se realice a actividade, con puntualidade (± 5 min.), e deixalo ó cargo da persoa Coordinadora das AAEE, nunca poderán quedar baixo a responsabilidade do persoal do comedor. Pola outra banda, os usuarios de comedor que non van ás AAEE, serán responsabilidade do persoal encargado do comedor.
- A entrega e recollida do alumnado participante nas Actividades Extra escolares realizarase pola entrada principal e dentro do recinto escolar.
- Por motivos de seguridade, so poderán recoller ao alumnado participante nas AAEE, as persoas maiores de idade, previamente autorizadas. Excepcionalmente, no caso dun contratempo, avisarase (vía escrita ou telefónica) á persoa Coordinadora das AAEE, autorizando a un nova persoa (sempre maior de idade).
- Para facer efectivo o punto anterior, a principios de cada curso, encherase unha folla, autorizando a tódalas persoas maiores de idade, que poderían, levar, traer ou acompañar ao alumnado (nas actividades que así o precisen). Dita folla estará a disposición das familias, no local da ANPA, perante todo o curso, por queren facer modificacións.
- Prégase puntualidade para recoller ao alumnado das AAEE, como noutros casos, esperárase 10 minutos, no caso de non aparecer procederase a chamar a Policía Local.
- Asinar o impreso correspondente no caso de querer que o alumnado participante (de 5to e 6to), estea autorizado para abandonar só as AAEE.



- O alumnado participante deberá traer e levar, todos os días o equipamento necesario para o desenvolvemento da Actividade Extra escolar, debidamente etiquetado cos seus datos.
- Solicitar por escrito a baixa das Actividades Extra escolares dentro das datas sinaladas. Así como asinar a renuncia á praza, cando estando en lista de espera, xurde a oportunidade de participar nunha actividade, e non se quere aproveitar.
- Aboar as cotas dentro do prazo establecido (non superior a 15 días), así coma os gastos xerados pola devolución dun recibo no caso en que se produciran.
- Aboar anualmente a cota de seguro de accidentes. Mesmo que cubrirá tódalas incidencias que se dean dentro do recinto educativo perante a realización das AAEE, ou noutro lugar, sempre e cando se estea a realizar a actividade en compañía do monitor/a.
- Velar polo adecuado comportamento do alumnado participante nas Actividades Extra escolares.
- Dirixirse ás persoas da Comunidade Escolar gardando as normas de corrección, cortesía e educación comunmente aceptadas. A non observancia destas normas podería supor a expulsión da Actividade.
- Tratar as incidencias que se poidan producir directamente coa ANPA ou coa persoa Coordinara das AAEE. Evitarase a súa resolución a través do persoal do Colexio ou do comedor que non está directamente relacionado coa organización das mesmas.

3.2.-DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

- O alumnado participante nas AAEE ten dereito a ser tratado con respecto por parte das monitoras/es e do resto do alumnado.
- O alumnado asistente a cada Actividade Extra escolar comprométese a manter un bo comportamento, respectar tanto ó resto do alumnado coma ó monitor/a da actividade e atender ás indicacións deste.
- O alumnado participante nas AAEE comprometerase a cumprir os horarios establecidos, e a coidar e manter en perfecto estado o material, o mobiliario e as instalacións necesarias para o desenvolvemento da actividade.
- O comportamento do alumnado perante o desenvolvemento da Actividade deberá axustarse, en todo momento, ó esixido no Colexio dentro do horario lectivo,

seguinto as mesmas normas que se rexen no Regulamento do Centro en canto á convivencia e aplicándose de igual modo as accións que alí se especifiquen para reparar os danos, ofensas e demais.

A Xunta Directiva da ANPA resérvase o dereito de admisión en calquera Actividade Extraescolar do alumnado que non cumpra as normas do Regulamento do Centro.

3.3.-DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS MONITORAS DAS EMPRESAS INTERMEDIARIAS

Coñecer e aplicar o Regulamento das Actividades Extraescolares.

A Empresa Intermediaria será a encargada de contratar á persoa Coordinadora das AAEE e as monitoras/es responsables das AAEE, así como de darlle seguimento a súa asistencia regular e puntual.

A Coordinadora das AAEE será a encargada de recibir ao alumnado que se queda no comedor, mais o que ven da casa, e distribuílo segundo corresponda. Tamén será a responsábel de levar ao alumnado ata o bus, cando así corresponda.

Tanto a Coordinadora das AAEE como as monitoras/es levarán o control da asistencia ou desasistencia do alumnado a través das fichas de control. A falta de asistencia tres veces seguidas ou cinco non consecutivas, serán comunicadas a Xunta Directiva da ANPA, pois poderían ser motivo de expulsión.

No caso dalgunha lesión perante o desenvolvemento das AAEE, o monitor/a porase en contacto coa persoa Coordinadora das AAEE, quen avisará as familias e poñerá en marcha o protocolo ditado polo seguro contratado. En ningún caso, a persoa monitora ou o a persoa Coordinadora das AAEE acompañaran ao alumnado aos centros médicos.

Na derradeira semana de cada trimestre, as monitoras/es organizarán xornadas de portas abertas, para que as familias podan observar o desenvolvemento do alumnado nas diferentes AAEE. Isto só se fará nas actividades nas que sexa posíbel facelo.

Tanto a persoa Coordinadora da AAEE como as monitoras/es encargaranse de facer entrega do alumnado, no horario establecido, seguinto as directrices dadas polas familias nos follas de autorizacións. Ante calquera contratempo chamarase a persoa da familia que parece como titora de contacto, nese papel.



A persoa monitora da actividade deberá comunicar puntualmente calquera incidencia que se produza durante o desenvolvemento da mesma á persoa Coordinadora das AAEE, quen levantará un parte de incidencia, cando se considere preciso. Este feito será comunicado tanto a ANPA como as familias implicadas. Se aínda así o problema persiste e o normal desenvolvemento da actividade vese afectado, a Xunta Directiva da ANPA poderá decidir si é motivo de expulsión.

O persoal contratado pola Empresa intermediaria poderá suxerir que unha persoa cause baixa por incumprimento reiterado das obrigas establecidas neste Regulamento por parte do alumnado participante ou das súas familias.

4.-RÉXIME ECONÓMICO

O prezo para cada Actividade Extra escolar será aprobado pola Xunta Directiva da ANPA en función do custe das persoas que as imparten e dos gastos administrativos e de organización que tiveran que soportar para o seu bo funcionamento; así como do ditado polo Concello a través do Convenio.

Será a Xunta Directiva da ANPA quen aprobe o calendario de cobros. A forma de pago, será mediante domiciliación bancaria, e establecerase do seguinte xeito:

- Cota de socio da ANPA e do seguro de accidentes: único pago en Setembro.
- Cota trimestral das Actividades Extra escolares nas que estean inscritos: pasaranse tres pagos nos meses de Outubro, Xaneiro e Abril.

Ó alumnado inscrito en Xuño que queira causar baixa no primeiro trimestre non se lle devolverá o importe de dito trimestre, salvo causa de forza maior, sendo:

- Enfermidade que lle impida a realización da actividade, achegando xustificante médico.
- Cambio de Centro Escolar.
- Outra situación que puidera xurdir, a analizar pola xunta directiva da ANPA.

Nos casos en que a baixa da Actividade Extra escolar sexa por expulsión, aboarase a parte proporcional á asistencia, das cotas que se houberan adiantado ata a data. Se unha vez comezada a Actividade Extra escolar non se houbera satisfeito ningún pago, procederase á expulsión, previo requirimento do pago da parte proporcional á asistencia ata a data en que se lle expulsa. No caso de non aboar, a débeda queda pendente para o seguinte curso, quedando en reserva.

En caso de devolución de recibos bancarios, o custo que este comporte correrá a cargo do interesado e o seu abono será mediante transferencia ou ingreso bancario. A devolución de dous recibos ou o impago de un tras recibir aviso, comportará a baixa inmediata da Actividade, quedando a débeda pendente para o seguinte curso.

ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López
Rúa Lamelas, 21
15659 Brexo-Lema
Tlf. 881 880 365
anpabrexolema2013@gmail.com



Polo tanto, o alumando quedará fora da actividade ou na listaxe de agarda, ata que se abone o importe pendente.

A falta de asistencia esporádica non dará dereito a ningún tipo de devolución.

5.-RISCO E VENTURA

As consecuencias de calquera tipo que puideran derivarse de accidentes entre o alumnado será responsabilidade exclusiva das familias, que terá a obriga de responder cos seus medios ós danos causados.

6.-AUTORIZACIÓNS

A ANPA pode dispor de material audiovisual ou fotográfico no que apareza o alumnado participante nas Actividades Extra escolares durante o desenvolvemento destas e publicalo co fin de promocionar ou dar novas das mesmas. Esta autorización será asinada na folla de inscrición.